

PARA QUE A FOLGA XERAL? PROPOSTAS E ALTERNATIVAS Á CRISE

- Derrogar toda a lexislación e reformas aprobadas contra os dereitos da poboación (Reforma Laboral, Despedimento Libre, Negociación Colectiva, Pensións, Reforma Constitucional, Lei de Estranxeiría, Proxecto de Lei sobre o aborto, etc.)
- Repartir a riqueza. Protección económica abondo aos millóns de persoas desempregadas, cun salario social que permita vivir con dignidade.
- Protección ante os desafuzamentos. Moratoria ata a saída da crise e programa social de acceso á vivenda. Favorecer os espazos sociais de autoxestión.
- Repartir o traballo para poder traballar todas e todos. Redución da xornada laboral, redución da idade de xubilación, prohibición dos EREs, das contratas e subcontratas, das horas extras, dos axustes e bolsas que ocultan postos de traballo. Eliminación das ETTs.
- Autoxestión das empresas recuperadas ao capital.
- Non á privatización da Sanidade, Educación, Transportes, Comunicación, enerxía, auga, etc. Expropiación das empresas que foron públicas anteriormente e que prestan servizos básicos á sociedade.
- Garantía de acceso universal aos servizos públicos de todas as persoas con e sen papeis.
- Dereito á libre circulación das persoas.
- Repartición equitativa do traballo de coidados. Desenvolvemento das axudas á Dependencia.
- Dereito ao tempo libre e á conciliación da vida laboral coa social e familiar.
- Reforma fiscal para que paguen máis os que máis teñen e aumento da tributación das empresas e grandes fortunas. Persecución da fraude fiscal. Redución do IVE.
- Banca Pública baixo control social que permita o acceso das familias aos recursos.
- Non pagar a débeda nin os seus intereses. Auditoría da débeda mediante un proceso participativo baixo control cidadán como paso previo á anulación de toda a débeda ilexítima. Esixencia de responsabilidades penais aos causantes da crise.
- Uso do diñeiro público para a satisfacción das necesidades das persoas e non para rescatar bancos.
- Esiximos o peche dos casinos financeiros, paraísos fiscais.
- Liberdade sen cargos para todas as persoas axuizadas con motivo da súa militancia sindical ou social. Non á represión e a súa criminalización.
- Rexeitamos á Unión Europea como institución impulsora das políticas neoliberais.
- Abandono dunha política económica encamiñada ao crecemento ilimitado e substitución por outra que se inscriba nos límites de recursos do noso planeta.
- Afrontar decididamente as crises enerxética, climática e de biodiversidade, claves para a supervivencia de millóns de persoas.



**Pola repartición.
Non hai volta atrás.**

CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

www.cgtgalicia.org ■ www.rojoynegro.info

POR QUE UNHA FOLGA XERAL?

O **14 de novembro** de 2012, a Confederación Xeral do Traballo (CGT), xunto con outras organizacións, convoca Folga Xeral de 24 horas de duración en todo o estado español porque o Goberno, coa súa política de recortes e reformas, estanos a levar a unha auténtica situación de emerxencia social, porque está a aplicar unha política económica neoliberal e antisocial que está ao servizo dos mercados financeiros, dos especuladores, ao servizo dunha Unión Europea gobernada pola banca alemá, o Banco Central Europeo e o Fondo Monetario Internacional. En definitiva, unha Folga Xeral porque queremos un novo modelo social que non favoreza a unha minoría de privilexiados (1%) e que non explote á maioría da poboación (99%), un novo modelo social que se fundamente na repartición, a liberdade e a xustiza social.

Con esta Folga Xeral temos que romper o círculo de desmotivación, resignación e desmobilización á que nos conduce o sindicalismo institucional.

Para a CGT, esta Folga Xeral é unha proposta dende a dignidade, que presentamos á sociedade, a toda a poboación,

a todas as organizacións, para que a fagan súa, que a integren como unha proposta propia e a utilicen. Unha mobilización para que a interpretemos como unha oportunidade para que conflúan todas as loitas laborais e sociais, para que a construíamos conxuntamente, a gañemos e comecemos un novo camiño de restauración de dereitos e liberdades.

A CGT convoca Folga Xeral o **14 de novembro** porque as políticas do goberno provocaron que 6 millóns de persoas estean no paro, que o 52% da xuventude non teña traballo e teña que emigrar, que máis de 700 mil persoas fosen desaloxadas da súa vivenda, que millóns de persoas estean no albor da pobreza e que nos estean a estafar a toda a poboación para pagar a súa crise.

A CGT convoca Folga Xeral porque o

Goberno está a aplicar unha política de recortes en gastos sociais, en sanidade e en educación, para privatizar e dismantelar os servizos públicos básicos.

Unha Folga Xeral porque cos recortes, a suba do IVE, a suba de impostos, a conxelación de pensións, a perda de salarios, a redución de prestacións ao desemprego, a eliminación de bolsas de estudos, a perda de emprego, están a roubar miles de millóns de euros a todo o pobo e ás arcas públicas para pagar a débeda ilexítima e os seus intereses, para rescatar a banca e as grandes empresas.

Unha Folga Xeral para que non haxa amnistía fiscal, nin haxa privilexios para as grandes fortunas, para que se persiga os defraudadores e para que a crise a paguen os que a provocaron.

QUEN ESTAMOS CONVOCADO Á FOLGA O 14 DE NOVEMBRO? QUE TIPO DE FOLGA?

A Folga Xeral do **14 de novembro** é, en primeiro lugar, unha Folga Laboral, unha Folga para parar as empresas, os transportes, os servizos, as comunicacións e as administracións. É unha Folga para que conflúan todas as loitas sectoriais e para esixir a restauración de todos os dereitos laborais que nos arrebataron.

A Folga Xeral é tamén unha Folga de Consumo para atacar ao capitalismo e redefinir o modelo consumista e depredador que está a esquilmar a vida no planeta.

A Folga Xeral é unha Folga Social para esixir os dereitos e as liberdades, para conseguir un modelo de sociedade que beneficie o conxunto da poboación.

Concibimos a Folga Xeral como unha folga inclusiva, cidadá que afecta a toda a poboación porque todas e todos estamos a sufrir as reformas e os recortes. Toda a poboación estamos chamados a non ir ao traballo, a non consumir, a formar parte dos piquetes informativos e das manifestacións, a participar nas accións e mobilizacións, a facerse visible

na rúa con toda a pluralidade de reivindicacións.

Todas e todos, traballadores, desempregados, mozos, estudantes, pensionistas, desafuzados, excluídos, con papeis ou sen papeis... toda a poboación, todas as organizacións sociais, sindicais, estamos chamados á Folga Xeral para facela grande, para conseguir os obxectivos propostos e que o Goberno e os poderes atendan á rúa, ao pobo.

14 DE NOVEMBRO. FOLGA XERAL LABORAL, SOCIAL, DE CONSUMO E CIDADÁ

